

ADDENDA: ADAPTACIÓN Á SUPRESIÓN DA PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO

Departamento de Matemáticas del CPI Antonio Orza Couto

Curso 2021/22

Dada a modificación do marco legislativo que rixe as avaliación do presente curso académico, facemos as seguintes modificacións sobre a Programación Didáctica presentada.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Na páxina 96, onde poñía: *“En relación coa avaliación ordinaria, realizaranse de setembro a xuño tres avaliacións parciais. No caso de non superar a avaliación final e ordinaria de xuño, terán unha avaliación final extraordinaria a realizar no mesmo mes de xuño, que consistirá nunha proba escrita”*.

Figuraré agora: *“En relación coa avaliación ordinaria, realizaranse de setembro a xuño tres avaliacións parciais. No caso de non superar a materia na suma das tres avaliacións anteriores, o alumno ou alumna terá a oportunidade de realizar unha proba escrita a finais de xuño. Este exame será cualificado de 0 a 10, e se acada unha nota superior ou igual a 5, obtería un 5 como nota da avaliación ordinaria de xuño da materia”*.

Na páxina 98, onde pon: *“Criterios para a cualificación final*

Para a avaliación final ordinaria do mes de xuño, a cualificación obterase como a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, redondeando ao enteiro máis próximo. Se a media obtida fose maior ou igual a cinco considerárase superada a materia, estando suspensa en caso contrario.”

Figuraré agora: : *“Criterios para a cualificación final*

Para a avaliación final ordinaria do mes de xuño, a cualificación obterase como a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, redondeando ao enteiro máis próximo. Esta nota poderá ser modificada nas dúas últimas semanas lectivas coas tarefas de reforzo e ampliación.

O alumnado terá a posibilidade de volver a examinarse dunha das avaliacións trimestrais, dándosele a opción de que a nova cualificación substitúa á anterior de cara á confección da nota media do curso. No caso de que nesa materia non se remataran todos os temas programados, tamén poderán subir nota examinándose de materia nova. Para iso, farase un exame escrito sobre esta que valerá un máximo de dez puntos, de tal maneira que o resultado deste exame dividido entre dez sumarse á nota media das tres avaliacións e posteriormente realizarse o redondeo previsto.”

Na páxina 98, eliminar onde pon: *“Avaliación final extraordinaria de xuño*

No caso de non superar a materia en xuño, o alumno ou alumna deberá presentarse ás probas extraordinarias de xuño. As probas será cualificada de 0 a 10 puntos e considerarse superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.”

PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Na páxina 99, onde pon: *“Os alumnos con matemáticas pendentes recibirán por parte do profesor de matemáticas do curso actual material para preparar a recuperación da asignatura pendente, baseándose nos coñecementos progresivos que está recibindo na aula. Se o alumno non aproba as matemáticas do curso actual nas convocatorias ordinaria e extraordinaria de xuño, deberá presentarse as probas escritas ordinaria e/ou extraordinaria de xuño, tendo en conta o temario impartido*

cando cursou a asignatura pendente.”

Figurará agora: : “Os alumnos con matemáticas pendentes recibirán por parte do profesor de matemáticas do curso actual material para preparar a recuperación da asignatura pendente, baseándose nos coñecementos progresivos que está recibindo na aula. Se o alumno non aproba ao final do terceiro trimestre, terá a oportunidade de realizar unha proba escrita a finais de xuño. Este exame será cualificado de 0 a 10, e se acada unha nota superior ou igual a 5, obtería un 5 como nota da avaliación ordinaria de xuño da materia pendente”

Marco Antonio Figueroa Rodríguez

Xefe de Departamento de Matemáticas do CPI Antonio Orza Couto